

Narracións abertas

Con lirismo certoiro

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

A semana pasada publicábase aquí mesmo unha entrevista con Rosa Aneiros, na que se apuntaban algunhas das claves desta novela. Hoxe recordamos que é unha obra destinada ao público xuvenil, contada a varias voces, na que se entrecruzan as historias de quince personaxes unha mañá calquera, nun bar de Compostela. Pola súa estrutura non lineal, fragmentada, o texto presenta aos máis xoves unha técnica narrativa diferente, ao tempo que leva a reflexionar sobre as variables que interveñen na construción da realidade, e, polo tanto, invita aos lectores a interpretar a lexitimidade das accións descritas, segundo o valor moral que lles queren conceder aos motivos e ás circunstancias que as condicionan.

As historias transcorren en forma de narracións abertas, inconclusas e, como adoita pasar coa realidade, son susceptibles de máis dunha lectura. Uns capítulos manteñen continuidade temporal, outros son case contos independentes, e nalgún se introducen relatos tradicionais. Combinados con breves descrições de lírica certaíra, apenas uns apuntes que suxiren o esencial, os diálogos levan o peso da información sobre os protagonistas e o que lles acontece, ás veces case de maneira exclusiva -Manuel e o seu avó, Fiño e Lucía. Hai veces en que a realidade se presinte a pesar das palabras -o soldado Raúl- e mesmo dos silencios -o alpinista; Ana-; e noutras ocasións -Aysel, Omar- o corazón desiste de expresar canto quixera.

Un vello entretén o seu neto adoptivo; un mozo londinense escribe e-mails de amor que a camareira espía; unha muller agarda unha chama-

da que endexa mais recibe; outra lembra viaxes submarinas entre as luces dunha longa avenida; un musulmán que non teme a Deus, senón aos homes, foxe do sinal que chama á loita; unha rapaza kurda busca o seu amor perdido e un paisano enterra a súa pensión na máquina comecartos mentres o seu colega

de barra espreita a entrada dos nenos do instituto, cuxas aulas limpa, precisamente, esa señora que ten un fillo soldado e que se laia polas vítimas de todos os desastres... Malia a súa aparente disparidade, todos eles son náufragos do desarraigo, exiliados, á forza, da terra ou de vida. Para sobrevivir, uns optan por facer trincheira dos prexuízos; outros haberán de esquecerlos e obrigarse a comezar de novo, aínda sen esperanza. As súas historias subliñan a universalidade e mais a ambivalencia dos sentimentos, ao tempo que demostran como os ecos das pequenas e grandes traxedias que alimentan temporalmente os titulares - atentados en Londres, guerra no Kurdistán, secuestros na Arxentina, violencia doméstica, accidentes de tráfico-, se propagan por vías inesperadas e sen atender fronteiras. Xusto como ese bater de ás de bolboreta que esperta cataclismos no outro extremo do mundo.

ANEIROS, Rosa, Ás de bolboreta, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 12,50€

